CHEMARI: NECESITAMOS MELLORAR MOITO PARA COMPETIR NA SEGUNDA FASE

En días anteriores falábamos dos cadetes e dos modestos, que finalizaban a Primeira Fase cos seus adestradores satisfeitos polo traballo realizado ata o momento. Por desgracia, non podemos dicir o mesmo no equipo xuvenil. As cousas non empezaron xa moi ben dende a pretemporada, cando algúns xogadores decidiron cambiar de aires ou ben deixar o fútbol no último momento. Xustos de efectivos comezaron a temporada, incorporando no mes de Outubro a dous xogadores do Cultural Maniños, clube ao que agradecemos as facilidades dadas para facelo. O plantel do Numancia xuvenil está a dia de hoxe asi:

PORTEIROS: Emilio e Tito

DEFENSAS: Jaime, Alberto, Raúl, Pablo Vascós, Jose e Chapy.

CENTROCAMPISTAS: Dani, Pablo García, Fran Anido, Mario García e Martín.

ATACANTES: Ivan, Alex Feal e Sergio.

O equipo competiu no grupo B, quedando en 7º lugar, non conseguindo o pase para o grupo de equipos que loitará por xogar a fase de ascenso. O Numancia obtivo 7 puntos, con 2 victorias e 1 empate. Conseguiu 27 goles a favor, encaixando 23 goles en contra.

VALORACIÓN DA PRIMEIRA FASE POR CHEMARI:

[redacted]